



- Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

- Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

De acordo co disposto no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se regula o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expóñense ao público, na Secretaría deste concello, os expedientes tramitados durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia. Durante o dito prazo os interesados poden examinar o expediente e achegar as reclamacións que estimen axeitadas, que deberán ser dirixidas ao alcalde do concello.

Unha vez transcorrido o dito prazo sen reclamacións ou alegacións, entenderase definitivamente aprobada a dita modificación.

Leiro, 5 de abril de 2018. O alcalde.

Asdo.: Francisco José Fernández Pérez.

El Pleno del Ayuntamiento de Leiro, en la sesión que tuvo lugar el 4 de abril de 2018, acordó con carácter provisional la aprobación de la modificación de las siguientes ordenanzas fiscales:

- Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre Bienes Inmuebles.

- Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre Actividades Económicas.

- Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre Construcciones, Instalaciones y Obras.

De acuerdo con lo dispuesto en el artículo 17 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se regula el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se exponen al público, en la Secretaría de este ayuntamiento, los expedientes tramitados durante el plazo de treinta días hábiles, contados a partir de la publicación de este edicto en el Boletín Oficial de la Provincia. Durante dicho plazo los interesados pueden examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen idóneas, que deberán ser dirigidas al alcalde del ayuntamiento.

Una vez transcurrido dicho plazo sin reclamaciones o alegaciones, se entenderá definitivamente aprobada dicha modificación.

Leiro, 5 de abril de 2018. El alcalde.

Fdo.: Francisco José Fernández Pérez.

R. 1.059

Oímbra

Edicto

Faise público que a alcaldesa do Concello de Oímbra, ditou con data 23/03/18 o seguinte Decreto que se transcribe literalmente a continuación.

Oímbra, 23 de marzo de 2018. A alcaldesa.

Asdo.: Ana M.ª Villarino Pardo.

Tendo en conta que é necesario e urxente a contratación de 7 traballadores/as neste Concello de Oímbra, para realización de tarefas non reservadas exclusivamente a persoal funcionario, e que poden ser desempeñadas por persoal laboral temporal, resolvo:

Aprobar as seguintes bases:

Bases que rexerán o procedemento para a selección de 3 peóns albanelería da brigada de obras públicas e 4 peóns medio

ambiente da brigada de medio ambiente -xardinería do Concello de Oímbra.

Primeira. Obxecto da convocatoria.

1. O obxecto destas bases é regular a contratación por este concello de 3 peóns de albanelería para o servizo de: brigada de obras públicas e 4 peóns de medio ambiente para o servizo de: brigadas de medio ambiente.

2. O contrato que se subscribirá é o que regula o artigo 15.1.a) do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

3. Funcións: todas as tarefas inherentes a labores de obras públicas e medio ambiente-xardinería, segundo o posto do que se trate.

Segunda. Bases específicas.

1. Segundo a táboa seguinte:

Categoría profesional: peón; n.º prazas; duración do contrato, xornada laboral e temporalización

Brigada de obras públicas: Peóns albanel; 3; 3 contratos de 4 meses 75% xornada de maio a agosto

Brigada de medio ambiente: Peóns medio ambiente; 4; 1 contrato de 6 meses 75% xornada de maio a outubro, 1 contrato de 4 meses 75% xornada de maio a agosto e 2 contratos de 4 meses 75% xornada de setembro a decembro

Salario bruto mensual: 657,00 € (incluídos todos os conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias).

Terceira. Condicións e requisitos dos/as aspirantes.

Os/as aspirantes que tomarán parte no concurso deberán reunir, na data en que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Ser español ou cidadán/á dalgún estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como estranxeiros/as con residencia legal en España.

b) Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder da idade máxima de 60 anos.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida a o correcto desenvolvemento das correspondentes funcións.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

e) Non estar incurso/a en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.

f) Os aspirantes á brigada de obras públicas deberán estar en posesión do permiso de conducir clase B e ter formación en prevención de riscos laborais ao abeiro do establecido no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

g) Coñecemento da lingua galega: de acordo ao establecido no artigo 51 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administración pública de Galicia e para garantir o uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.

Polo tanto, a persoa que non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do Celga 2, título superior ou equiva-



lente, deberá superar unha proba oral sobre o coñecemento do idioma galego.

Todos estes requisitos deberán reunirse con referencia ao último día da presentación de instancias.

Cuarta. Baremo dos méritos e da fase oposición

Na fase concurso os méritos que se valorarán son os seguintes:

1. Experiencia profesional: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 3 puntos.

a. Por servizos remunerados prestados na Administración pública na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,40 puntos por mes completo.

b. Por servizos remunerados prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,15 puntos por mes completo (máximo 2 puntos)

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada) e copia dos contratos de traballo. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará. Rexeitaranse as fraccións de tempo inferiores ao mes (30 días) e os contratos a tempo parcial cunha xornada inferior á xornada completa valoraranse de xeito proporcional.

2. Formación: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 1 punto. Por asistencia a cursos organizados por administracións públicas ou homologados, relacionados coas funcións do posto ao que se opta:

- Cursos de ata 40 horas: 0,50 puntos/curso.

- Cursos de máis de 41 horas: 0,75 puntos/curso.

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación da copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 40 horas, e puntuarase con 0,50 puntos por curso.

Na fase oposición valoraranse as seguintes probas:

1. Proba teórica: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 2 puntos. Realizarase unha proba consistente en desenvolver un exame tipo test con 10 preguntas sobre os seguintes temas, os cales, constitúen o temario da convocatoria:

Brigada de obras: albaneis

a. Coñecemento do territorio: Termo municipal de Oímbra.

b. Seguridade e saúde nos traballos de obras públicas.

c. Materiais e ferramentas empregados na construción.

d. Diferentes elementos da construción.

Brigada de medio ambiente:

A. Coñecemento do territorio: termo municipal de Oímbra.

B. Seguridade e saúde nos traballos de medio ambiente.

c. Rozas e traballos manuais.

d. Materiais e ferramentas empregados en labores de xardinería.

- Cada resposta correcta sumará 0,20 puntos.

- Cada resposta errada restará 0,10 puntos.

2. Proba práctica: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 4 puntos, realizarase unha proba práctica relacionada coas tarefas do posto obxecto de convocatoria ao que se opte:

Brigada de obras públicas (3 peóns albaneis): consistirá na realización dunha proba práctica de albanería (colocación de pavimento, cachotería en seco ou construción de muros de fábrica. Mantemento e manexo de ferramentas propias da profesión) no que se valorará a correcta realización da proba, a

pericia propia do oficio ou labor e a celeridade na súa execución.

Brigada de medio ambiente (4 peóns medio ambiente): consistirá na realización dunha proba práctica (operacións de poda, mantemento, manexo e uso das ferramentas de roza, roza ou xardinería), no que se valorará a correcta realización da proba, a pericia propia do oficio ou labor e a celeridade na súa execución.

- A puntuación mínima para superar esta proba será de 2 puntos.

- Esta proba é eliminatoria.

No caso de que un/ha mesmo/a aspirante opte ás dúas brigadas deberá realizar as dúas probas escritas e as dúas probas prácticas na orde que se estableza.

Quinta. Forma e prazo da presentación de solicitudes

1. As solicitudes para participar neste concurso presentaranse conforme ao modelo que figura como anexo I das bases, no prazo de cinco días hábiles no Rexistro Xeral do concello, en horario de 9.00 a 14.00 h., ou na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sendo necesario neste caso comunicar a remisión da documentación vía fax ao concello. O dito fax deberá ter entrada no prazo de presentación das solicitudes, pois noutro caso non serán admitidas (fax do concello: 988426160).

2. O referido prazo computarase a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, achegándose a seguinte documentación:

a. Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros/as.

b. Se é o caso, fotocopia compulsada do carné de conducir.

c. Fotocopia compulsada do documento acreditativo da formación en prevención de riscos laborais.

d. Acreditación documental xustificativa dos méritos esixidos (soamente se terán en conta os méritos alegados con data límite o último día da presentación de instancias).

e. Declaración xurada de cumprir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente (Anexo II).

Sexta. Tribunal cualificador

1. O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos aspirantes e as probas establecidas nas bases, estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente.

- Vogal.

- Secretario-vogal.

A comisión está facultada para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficacia.

O tribunal valorará a documentación presentada na fase de concurso e as probas realizadas na fase oposición, de acordo ás bases da convocatoria.

O tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas, os cales se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán con voz pero sen voto.

No suposto de que forme parte do tribunal algunha persoa allea ao concello, terá dereito a percibir indemnización por asistencia correspondente segundo o Real decreto 462/2002, do 24 de maio.

Sétima. Procedemento de selección

Rematado o prazo de presentación de instancias, por resolución da Presidencia aprobarase a lista provisional de admiti-



dos/as e excluídos/as ao concurso. A mesma resolución da alcaldesa conterá a composición do tribunal, o lugar, data e hora das probas. A lista fixarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Oímbra (www.oimbra.es), concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións, emenda de erros ou achega de documentación complementaria. Concluído este prazo a alcaldesa aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos. Na data indicada na lista provisional de admitidos/as e excluídos/as comezará o concurso-oposición.

A orde de clasificación definitiva de todos/as os/as aspirantes virá determinada pola suma das puntuacións totais obtidas no proceso selectivo.

A orde de clasificación, determinará nos postos de peón medio ambiente, a duración do contrato. De tal xeito, que na brigada de medio ambiente, a persoa que obteña a puntuación máis alta na clasificación será a que se contrate polo período maior (6 meses. De maio a outubro).

No resto dos postos, dado que todos teñen a mesma duración, 4 meses, a puntuación obtida determinará o inicio do contrato. (A maior puntuación, antes se inicia o contrato)

Categoría profesional: peón; n.º prazas; duración do contrato, xornada laboral e temporalización

Brigada de obras públicas: Peóns albanel; 3; 3 contratos de 4 meses 75% xornada de maio a agosto

Brigada de medio ambiente: Peóns medio ambiente; 4; 1 contrato de 6 meses 75% xornada de maio a outubro, 1 contrato de 4 meses 75% xornada de maio a agosto e 2 contratos de 4 meses 75% xornada de setembro a decembro

De acordo coa relación, elevarase a alcaldesa, ademais da acta da sesión, a proposta de nomeamento dos/as aspirantes aprobados/as, procedendo a alcaldesa ao nomeamento dos/as aspirantes seleccionados/as, e efectuándose a formalización dos correspondentes contratos laborais cando corresponda segundo o cadro recollido no parágrafo anterior.

En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

Cos/as traballadores/as que superasen as probas farase unha listaxe por orde de puntuación que no suposto de renuncia do/a traballador/a contratado/a con anterioridade á finalización do servizo, substituirase polo traballador/a seguinte na lista de similares características.

Oitava. Recursos.

Estas bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Novena. Normas de aplicación.

En todo o non previsto nestas bases será de aplicación supletoria o establecido nas seguintes normas:

a) Bases xerais reguladoras da contratación do persoal da mancomunidade de municipios da comarca de Verín e dos concellos de Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra e Vilardevós. (pódese acceder a elas dende o seguinte enlace: <http://www.mancoverin.es/category/novas/page/5/>)

b) Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público

c) Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

d) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

e) Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

f) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

Anexo I: Modelo de instancia

Nome e Apelidos ...

DNI: ...

Data Nacemento ...

R/...

Localidade ... Provincia ...

Código Postal ... Teléfono ...

Expón:

Que informado/a da convocatoria para a formación das brigadas ; brigada de obras públicas: selección de 3 albaneis. Brigada de medio ambiente xardinería: selección de 4 peóns de medio ambiente.

Considera reunir os requisitos esixidos nas bases da dita convocatoria e achega a documentación precisa para isto; é polo que,

SOLICITA:

Ser admitido/a ao proceso de selección.

Brigada de obras públicas: selección de 3 albaneis.

Brigada de medio ambiente xardinería: selección de 4 peóns de medio ambiente.

Oímbra,... de ... de 2018

Asdo.: ...

Á Alcaldesa do Concello de Oímbra

Anexo II: Modelo de declaración xurada.

D./D.ª..., con DNI ... e domicilio en ..., declaro:

Que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado/a ou inhabilitado/a.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación,

Brigada de obras públicas: selección de 3 albaneis.

Brigada de medio ambiente xardinería: selección de 4 peóns de medio ambiente.

Asino esta declaración, baixo a miña responsabilidade, en Oímbra, ... de ... de 2018.

(Asinado polo/a interesado/a): ...

Á Alcaldesa do Concello de Oímbra

A alcaldesa. Asdo.: Ana M.ª Villarino Pardo.

Asinado electronicamente.

Edicto

Se publica que la alcaldesa del Ayuntamiento de Oímbra, dicta con fecha 23/03/18, el siguiente Decreto que se transcribe literalmente a continuación.

Oímbra, a 23 de marzo de 2018.

La Alcaldesa.

Fdo.: Ana M.ª Villarino Pardo.

Toda vez que es necesario y urgente la contratación de 7 trabajadores/as en este Ayuntamiento de Oímbra, para realización de tareas no reservadas exclusivamente a personal funcio-